

DOMINGO XII ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA Xob 38, 1.8-11

Lectura do libro de Xob

Entón respondeulle o Señor a Xob desde o trebón: ¿Quen pechou os portóns do mar ó xurdir debruzándose do seo materno, cando lle impuxen como embozo as brétemas e o envolvín en néboas como panos? Daquela marqueille os límites e asegúelle os ferrollos e as portas, e díxenlle: Ata aquí has chegar e non pasar. Aquí han remata-las túas altas ondas.

SALMO RESPONSORIAL Sal 106, 23-24. 25-26. 28-29. 30-31

R/. (1b): **Loade ó Señor, porque a súa misericordia é eterna.**

Ou: **Aleluia.**

Os que baixan nos barcos ó mar,
para face-lo seu traballo nas augas abismais,
poden ve-los feitos do Señor,
os seus prodixios no océano.

Cun aceno del érguese o vento de temporal
e levántanse fortes as ondas:
érguese cara ó ceo e caen no abismo,
co estómago revolto, mareados.

No apuro clamaron ó Señor
e El librounos da aflicción.
El troca a tempestade en brisa lene,
e quedan caladas as ondas.

Alégranse eles coa calma,
e El lévaos ó porto arelado.
Dean gracias ó Señor pola súa misericordia,
polos seus prodixios cos humanos.

SEGUNDA LECTURA 2 Cor 5, 14-17

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo os Corintios

Irmáns: É o amor de Cristo o que nos preme, cando pensamos que, ó morrer un por todos, todos morreron; el morreu por todos, de xeito que os que viven xa non vivan para si, senón para o que morreu e resucitou por eles. Por iso, nós xa non prezamos a ninguén conforme a criterios mundanos; aínda que teñamos coñecido a Cristo conforme a eses criterios, agora xa non o coñecemos así. Polo tanto, quen estea en Cristo é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Velaí unha realidade nova.

EVANXEO Mc 4, 35-41

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Aquel día, á tardiña, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Vaíamos á outra banda do mar.

Eles, deixando a xente, levárono consigo na barca onde estaba sentado; e seguían outras barcas. E formouse tal turbillón de vento que os salseiros caían enriba da barca e enchíana de auga. El, entrementres, estaba na popa durmindo sobre un cabezal. Eles espértano e dinlle:

- Mestre, ¿seica non che importa que afoguemos? El ergueuse e increpou ó vento e díxolle ó mar:

- ¡Cala, acouga!

E amainou o vento, e veu unha gran calma.

E dilles a eles: - ¿Por que tendes tanto medo? ¿Seica aínda non tendes fe?

Eles sentiron entón un medo enorme e comentaban entre si: - Pero, ¿quen será este, que mesmo o vento e o mar o obedecen?